CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

169

# DECRETO

Visto o informe emitido pola secretaria – interventora en relación coa ampliación de crédito, polo importe que se indica, resolvo aprobar a seguinte xeración de crédito:

| Partida | | Importe | Xustificación |
|---|---|---|---|
| 332.1 | 226.99 | 1.354,49 | Compromiso firme de achega económica da Conselleria de cultura, educación ordenación universitaria |

Boqueixón, 2 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono 981- 51 30 61
Fax 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

# DECRETO

En relación coa adquisición da parcela con referencia catastral 7820904/NH4472S/001/OG, situada no Forte e tendo en conta a aprobación do Plan de Acción Social pola Deputación de A Coruña, no cal se inclúe a adquisición da referida parcela por un importe total de 98.918,56 €, e en base aos seguintes

**Antecedentes**

- Con data 22 agosto 2016, rexistro entrada nº 16/1786 recíbese no concello a Circular da Deputación sobre a aprobación do Plan de Acción Social (PAS) 2015, na cal se comunica ao concello a aprobación definitiva da inclusión da adquisición da referida parcela no dito plan, tal como a continuación se detalla:

| Financiamento | | | |
|---|---|---|---|
| **Denominación** | **Deputación** | **Concello** | **Total** |
| Adquisición parcela no lugar de O Forte | **79.134,85** | **19.783,71** | **98.918,56** |

. Con data 15 de marzo 2016, rexistro entrada 525, recíbese no concello unha **declaración de conformidade**, segundo a cal don José en nome propio e en representación dos irmáns, todos eles herdeiros de don Pedro propietario da parcela con referencia catastral 7820904/NH4472S/001/OG situada no Forte. Lindes: Norte, José ; Sur, estrada de A Susana a Ponteledesma; Este, Irmandade sindical de labradores e gandeiros de Boqueixón; Oeste, José , **declaran**:

1/ Estar conformes coa venda da referida parcela, así como da edificación nela existente, ao concello de Boqueixón.

2/ Aceptan o prezo de 98.918,56 €, a aboar polo concello pola compra da dita parcela.

3/ Serán a cargo do concello todos os custos notariais e de rexistro desta compra.

. Con data 22 de febreiro 2016, a Sociedade de Taxación Arquitasa emite o correspondente informe de taxación no cal se establece o seguinte VALOR DE TASACIÓN:

| Uso considerado | Superficie $m^2$ | V. Unitario (€ $m^2$) | V. Total (€) |
|---|---|---|---|
| Adosado | 790,4 $m^2$ | 125,15 €/$m^2$ | 98.918,56 €. |

**Fundamentos xurídicos**

- O regulamento de bens das entidades locais no seu artigo 11 establece que a "adquisición de bens a título oneroso esixirá o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa

reguladora da contratación das corporacións locais, e tratándose de inmobles esíxese, informe previo pericial".

Neste caso , consta no expediente o informe pericial emitido por unha sociedade de tasación, e en canto ao cumprimento dos requisitos da normativa reguladora da contratación débese ter en conta o artigo 4 da lei de contratos que no se apartado 1 p, exclúe os contratos de compraventa de bens inmobles.

- A lei de bases de réxime local, establece que a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor non sexa superior ao 10% dos recursos ordinarios do presuposto, corresponde ao Alcalde.

Os dereitos recoñecidos netos , dos capítulos 1,2,3 e 5 da liquidación correspondente ao exercicio económico 2015, ascenden a 1.493.666,43 €, polo que resulta que a adquisición da parcela non excede deste importe. Non obstante, procederase coa ratificación deste decreto na próxima sesión plenaria posto que a adquisición da parcela esta incluída no plan de acción social da deputación que no seu momento foi aprobado en sesión plenaria.

Por outro lado, no presuposto municipal 2015 existe crédito retido para facer fronte á aportación municipal , na partida 920.600,00.

**RESOLVO**

1.- Comprar aos herdeiros de don Pedro Gómez Ferreiro, veciño e falecido en Boqueixón, don Juán José con D.N.I , don Ramón con D.N.I dona Carmen con DNI .dona María Andrea con D.N.I , dona Soledad María con D.N.I , don Manuel con D.N.I , a parcela con referencia catastral 7820904/NH4472S/001/OG , situada en O Forte para a situación do parque móbil.

Lindes: Norte, don José ; Sur, estrada de A Susana a Ponteledesma; Este, Irmandade sindical de labradores e gandeiros de Boqueixón; Oeste, José . Superficie catastral: 790,4 $m^2$. clasificación urbanística, solo urbano.

2.- Aboar aos herdeiros de don Pedro , anteriormente citados, o importe de 98.918,56 €, para adquisición da citada parcela. Serán a cargo do concello todos os custos notariais e de rexistro desta adquisición.

3.- ratificar esta resolución na próxima sesión plenaria.

Boqueixón 2 de setembro de 2016

O alcalde:

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**

**Resolución da alcaldía**

**Clasificación das ofertas presentadas para a adxudicación do Servizo de actividades físicas e deportivas no Concello de Boqueixón**

Na Xunta de Goberno do día 4 de agosto, iniciouse a contratación por procedemento negociado sin publicidade e por urxencia, do servizo de actividades físicas e deportivas no Concello de Boqueixón.

Invitouse a participar a 5 empresas especialistas no sector e concedeuse un prazo de 10 días naturais para que presentaran as súas propostas. Tamén se publicitou no perfil do contratista da páxina web.

No prazo establecido para o efecto presentáronse ó concurso dúas empresas: CPM Eventos e Acofide 2000 Xestión SL, segundo consta no informe da responsable de contratación.

Por resolución da alcaldía ditada o día 31 de agosto, resólvese dar traslado da documentación presentada no concurso para que o órgano negociador inicie o proceso de negociación. Con data 2 de setembro e ante a urxencia da adxudicación, reúnese o órgano negociador cos membros das dúas empresas: CPM Eventos e Acofide 2000 Xestión,SL e realízase a negociación reflectida na acta que a continuación se transcribe:

**ACTA DA NEGOCIACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS**

**Boqueixón, 2 de setembro de 2016**

**Hora de inicio: 10.15 h**
**Hora de remate: 10.30 h**

**Órgano negociador:**

D. Ricardo Romero Pérez - Monitor deportivo
Dª Adela Lamela Arteaga - Responsable de Contratación
Dª. Rosario Iglesias Iglesias - Responsable Técnico do Departamento de Educación e Cultura

**Asistentes:**
Ismael García Vázquez - Acofide 2000 Xestión, SL
Tania Garabato Rodríguez - Acofide 2000 Xestión, SL
David Fernández Neira - CPM Eventos

Con data 2 de setembro de 2016 os membros do órgano negociador reúnense coas empresas arriba mencionadas co obxecto de propoñer a adxudicación do servizo de actividades fisicas e deportivas.

Na resolución da alcaldía ditada o día 31 de agosto, constan as puntuacións acadadas por cada unha das empresas e que a continuación se transcriben:

| Empresa | Proxecto técnico | Melloras | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|
| CPM Eventos | 35 | 9 | 49.70 | 93.7 |
| Acofide 2000 Xestión, SL | 30 | 6 | 50 | 86 |

Comeza a responsable de contratación comentando o proceso de negociación.

D. Ismael non está de acordo coas puntuacións acadadas no proxecto técnico. Tanto dona Tania como don Ismael coinciden en matizar que no informe do técnico municipal hai unha contradición cando dí que o proxecto é moi técnico e xenérico, posto que advirten que os dous adxectivos se contradín, se é técnico non é xenérico.

O técnico municipal explica que valorou os dous proxectos tendo en conta as necesidades do concello e o sector da poboación ó que se dirixe.

Tamén se discrepa coa valoración da porcentaxe de persoal con minusvalía posto que é un criterio de desempate e non era o caso.

No apartado das melloras, tampouco a empresa Acofide, está de acordo coa puntuación acadada, posto que a súa empresa cuantificounas. O técnico municipal dí que se valoraron as melloras atendendo ás necesidades do servizo.

Dona Rosario Iglesias pregunta sobre como se valorou o material que Acofide expuso na súa mellora. Explica a empresa que eles ofertan o material que pode

ser obxecto de ser utilizado nas actividades que se propoñen no prego. Está valorado de xeito individual. Non están de acordo coa valoración do técnico.

Para rematar don Ismael comenta que se nota que por parte do técnico non se leu o proxecto, que se contradí nas súas valoracións e que entende que non se tratou á empresa co respecto suficiente. Segue dicindo, que tampouco se valorou o seguro de responsabilidade civil, de accidentes colectivos, etc

Don Ismael comenta que a súa empresa entende que non se tratou con respecto, tendo en conta as valoracións, pero que non vai a interpor ningún tipo de recurso.

O técnico municipal pide desculpas se o seu sentimento é ese pero que non foi esta a súa intención.

A responsable de contratación, para finalizar pregunta se as empresas desexan negociar ou ratificarse nas propostas iniciais, ó que tanto a empresa Acofide Xestión, como CPM Eventos dín que se ratifican na súas propostas presentadas.

O órgano de negociación, á vista dos datos obtidos propón a adxudicación do contrato á empresa CPM Eventos por un importe anual de 16.500 euros ( Ive excluído) Non obstante será o órgano de contratación o que decidirá.

Ricardo Romero Pérez    Adela Lamela Arteaga    Rosario Iglesias Iglesias

Polo tanto, á vista da proposta que o órgano negociador propón e tendo en conta a urxencia do procedemento, Resolvo:

1. Avocar o procedemento desta contratación por causas técnicas baseadas na urxencia do comezo das actividades, tendo en conta o especificado no art. 14 do LRXPAC.

2. Clasificar por orde decrecente as ofertas presentadas no concurso, unha vez rematado o proceso de negociación.

| Empresa | Proxecto técnico | Melloras | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|
| CPM Eventos | 35 | 9 | 49.70 | 93.7 |
| Acofide 2000 Xestión, SL | 30 | 6 | 50 | 86 |

3. Requirir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 5 días hábiles, a documentación que se sinala na cláusula 11 do prego de

cláusulas administrativas que rexen a contratación, na que se inclúe a presentación do correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE

Boqueixón, 2 de setembro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

172

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio**

O día 5 de setembro con rexistro de entrada núm. 16/1882 don Juan Manuel , pirotécnico de Vedra, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Lestedo os días 10 e 11 de setembro.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ninguén poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 5 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

RESOLUCIÓN

Con data 7 de setembro de 2016, rexistro de entrada número 16/1914, don Alejandro con NIF veciño do Concello de Boqueixón, con domicilio no lugar de Pazos, da parroquia de Lestedo do concello de Boqueixón, en calidade de Presidente da Asociación de Festexos de Lestedo.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao representante da Asociación de Festexos de Lestedo licenza para a realización de verbenas e bailes en Lestedo coas seguintes:

**Día 10 de setembro de 2016**

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre consistente en sesión vermú e baile pola noite a cargo da Orquestra D´Moda e Ibiza Band
Características do escenario da Orquestra D´Moda: Tractocamión de 13572 mm. de longo, 4 mts. de alto e 2600 mm. de fondo.
Características do escenario da Orquestra Ibiza Band: Tractocamión de 6207 mm. de longo, 4 mts. de alto e 2500 mm. de fondo.
A previsión de asistencia de público estimase en torno ás 500 persoas
O horario será de 10:00 a 4:00 horas.

**Día 11 de setembro de 2016**

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre consistente en sesión vermú e baile pola noite a cargo da Banda de Santa Cruz de Rivadulla e Lira de Rivadulla..

A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 500 persoas
O horario será de 14:00 a 16:00 e de 10:00 a 4:00 horas.

2° A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3° Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 7 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**
**Expediente:** Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral
**Forma/ Proc:** Negociado sen publicidade – Urxente

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Clasificación das ofertas presentadas para a realización da obra "Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral"**

Na Xunta de Goberno realizada o día 7 de xullo de 2016, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra financiada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria: "Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral" por importe de 93.298,64 euros

Na Xunta de Goberno do día 21 de xullo, ábrense os sobres B e C das propostas presentadas polas seguintes empresas:

- Oviga, S L
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA
- Canalis Soluciones Tecnológicas, SL
- Fermin Simal, SL
- Excavaciones Ovidio,SL
- Construcciones Concifa, SL
- Espina y Delfin, Obras Hidráulicas
- López y Leis, SA
- Cosntrucciones Lemos Martínez
- Viaqua, SAU
- Construcciones Boqueixón

Neste momento o órgano de contratación trasládalle a documentación ó órgano de negociación que será o encargado de valorar e negociar as ofertas presentadas.

O órgano de negociación, con data 7 de setembro, emite a correspondente acta na que se reflicte o proceso e que a continuación se transcribe literalmente:

## ACTA DA NEGOCIACIÓN DA OBRA DOS COLECTORES

**Obra: Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral**
**Importe: 93.298,64 euros**

D. Julio C. Rojo Martinez
Dª Adela Lamela Arteaga
D. Juan M. Corral Sánchez

Os membros do órgano negociador reúnense co obxecto de propoñer a adxudicación da obra dos colectores arriba referida, despois de realizar o proceso de negociación que a continuación se detalla:

Na Xunta de Goberno do día 21 de xullo, abríronse os sobres B e C, e transcríbense as ofertas presentadas polas empresas licitadoras obtendo os seguintes datos :

| Código | Oferta IVE incluído |
|---|---|
| 1-CM | 77.437,87 € |
| 2-FE | 92.000,00 € |
| 11-B | 73.205,00 € |
| 8-VU | 79.303,84 € |
| 5-YL | 68.919,70 € |
| 7-GA | 93.000,00 € |
| 3-GL | 76.169,00 € |
| 4-CL | 83.968,77€ |
| 9-CA | 88.633,71€ |
| 6-IL | 88.633,70€ |
| 10-VO | 83.968,78€ |

Despois de ser valoradas as referencias técnicas presentadas polas empresas participantes, polo enxeñeiro de camiños e membro do órgano negociador don Julio C. Rojo Martínez, obtéñense as seguintes puntuacións totais:

| Contratista | Programa Traballo | Programa Actuación Ambiental | Plan control de calidade | Plan de seguridade e saúde | Porcentaxe control de calidade | | Redución de prazos | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| 1-CM | 7.00 | 4.00 | 4.00 | 7.00 | 0.30 | 3.00 | 10.00 | 28.32 | 63.62 |
| 2- FE | 6.00 | 5.00 | 7.00 | 7.00 | 0.05 | 1.50 | 6.44 | 2.56 | 35.55 |
| 11-B | 13.00 | 6.00 | 7.00 | 10.00 | 0.45 | 9.00 | 1.00 | 34.12 | 80.57 |
| 8-VU | 9.00 | 6.00 | 7.00 | 10.00 | 0.40 | 9.00 | 8.21 | 25.76 | 75.37 |
| 5-YL | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 8.98 | 40.00 | 48.98 |
| 7-GA | 13.00 | 6.00 | 7.00 | 10.00 | 1.00 | 9.00 | 9.74 | 0.59 | 56.33 |
| 3-GL | 9.00 | 5.00 | 7.00 | 10.00 | 0.50 | 9.00 | 9.74 | 30.06 | 80.3 |
| 4-CL | 9.00 | 4.00 | 4.00 | 7.00 | 0.35 | 9.00 | 8.98 | 18.36 | 60.69 |
| 9-CA | 6.00 | 4.00 | 7.00 | 10.00 | 0.10 | 3.00 | 8.21 | 9.18 | 47.49 |
| 6-IL | 13.00 | 5.00 | 7.00 | 10.00 | 0.30 | 7.50 | 6.98 | 9.18 | 58.96 |
| 10-VO | 9.00 | 5.00 | 7.00 | 10.00 | 0.60 | 9.00 | 8.21 | 18.36 | 67.17 |

Os códigos alfanuméricos utilizados para a negociación corresponden ás seguintes empresas:

1- CM : Lemos Martínez
2-FE: Fermín Simal
11-B: Construcciones Boqueixón
8-VU: Viaqua
5-YL: Construcciones Loylesa
7-GA: Oviga, SL
3-GL: Eulogio Viñal
4-CL: Canalis
9-CA: Concifa
6-IL: Espina y Delfín, SL
10-VO: Excavaciones Ovidio

Con data 12 de agosto iníciase o proceso de negociación e envíase a cada unha das empresas admitidas unha comunicación onde se transcribía o cadro coas puntuacións totais acadadas e indicábase, para que as empresas negociasen se o desexaban ou ben se ratificasen na súa proposta inicial, o importe da oferta económica máis baixa, así como os prazos de execución da obra. Neste caso concreto, a oferta económica máis baixa foi presentada por Construcciones Boqueixón (11-B) por importe de 73.205,00 euros e non executou ningunha redución no prazo. A empresa que presentou maior redución no prazo foi C. Lemos Martinez que puxo 25 días.

No período establecido para o efecto as empresas presentan as seguintes propostas:

| Empresa | Oferta económica | Redución de prazos |
|---|---|---|
| Canalis | 70.906,97 euros | ---- |
| Eulogio Viñal | 70.253,87 euros | Prazo de execución: 18 días naturais |
| Viaqua | 74.834,85 euros | Prazo de execución: 55 días |
| Construcciones Loylesa | 68.919,70 euros | Prazo de execución: 45 días |
| Espina y Delfin | 66.708,52 euros | Prazo de execución: 21 días |
| Excavaciones Ovidio | 65.309,05 euros | Prazo execución: 1 mes |
| Construcciones Boqueixón | 71.500,00 euros | Prazo de execución: 30 días |
| Oviga, SL | 59.820,00 euros | Prazo de execución: 20 días naturais |
| Construcciones Lemos Martínez, SL | Ratifícanse na oferta presentada<br>77.437,87 euros | Prazo de execución: 25 días |
| Fermín Simal, SL | 58.999,60 euros | Prazo execución: 22 días naturais |
| Concifa, SL | 79.303,85 euros | Prazo execución: 40 días naturais |

No momento de calcular as puntuacións utilizando o programa de valoración de ofertas económicas da Deputación da Coruña, cos datos achegados polas empresas, advírtese que a empresa Oviga, SL e Fermín Simal, SL presentan ofertas con valores anormais ou desproporcionados, polo que son informadas e requíreselle que no prazo de 5 días xustifiquen as súas ofertas, tal e como se recolle no prego que rexe a contratación na súa cláusula 15.5.

No prazo previsto, ambas empresas presentan a documentación especificada no prego e, con data 6 de setembro o enxeñeiro técnico e membro do órgano negociador, emite os informes correspondentes onde se advirte que nas ofertas presentadas non aprecia a posible desproporcionalidade ou anormalidade.

Polo tanto, tendo en conta que se admiten tódalas propostas achegadas polas empresas, transcríbense as puntuacións totais para poñer fin á negociación:

| CONTRATISTAS | A) PROGRAMA TRABAJO | B) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL | C) PLAN CONTROL CALIDAD | D) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD | E) PORCENTAJE CONTROL CALIDAD | | F) REDUCION PRAZO EXECUCION | G) OFERTA ECONOMICA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| EXCAVACIONES OVIDIO | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,60 | 9,00 | 8,27 | 33,19 | **82,06** |
| CONSTRUCCIONES BOQUEIXON | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,45 | 9,00 | 8,27 | 26,26 | **79,98** |
| OVIGA | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 1,00 | 9,00 | 9,71 | 39,11 | **94,82** |
| CANALIS | 9,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,35 | 9,00 | 7,38 | 26,97 | **67,70** |
| CONCIFA | 6,00 | 4,00 | 7,00 | 10,00 | 0,10 | 3,00 | 7,62 | 16,86 | **54,58** |
| VIAQUA | 9,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,40 | 9,00 | 6,91 | 22,24 | **70,55** |
| LEMOS MARTINEZ | 7,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,30 | 3,00 | 8,99 | 19,10 | **53,39** |
| FERMIN SIMAL | 6,00 | 5,00 | 7,00 | 7,00 | 0,05 | 1,50 | 9,42 | 40,00 | **75,97** |
| EULOGIO VIÑAL | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,50 | 9,00 | 10,00 | 27,76 | **78,26** |
| LOYLESA | --- | --- | --- | --- | --- | --- | 7,38 | 29,30 | **36,68** |
| ESPINA Y DELFIN | 13,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,30 | 7,50 | 9,57 | 31,68 | **84,05** |

O órgano de negociación, á vista dos datos obtidos propón a adxudicación da obra á empresa Oviga, SL por importe de 59.820,00 euros, e tendo que executar a obra no prazo de 20 días naturais.

Boqueixón, 7 de setembro de 2016

Julio C. Rojo Martínez Adela Lamela Arteaga Juan M. Corral Sánchez

Tendo en conta a urxencia coa que se ten que certificar a obra, é preciso axilizar o proceso de contratación, polo que Resolvo:

1 Avocar a contratación da obra referida, por causas técnicas segundo se especifica no art. 14 da LRXPAC, tendo en conta a urxencia do procedemento

2 Clasificar, por orde decrecente, as propostas obtidas da negociación para a adxudicación da obra "Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral"

| CONTRATISTAS | A) PROGRAMA TRABAJO | B) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL | C) PLAN CONTROL CALIDAD | D) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD | E) PORCENTAJE CONTROL CALIDAD | | F) REDUCION PRAZO EXECUCION | G) OFERTA ECONOMICA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| OVIGA | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 1,00 | 9,00 | 9,71 | 39,11 | **94,82** |
| ESPINA Y DELFIN | 13,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,30 | 7,50 | 9,57 | 31,68 | **84,05** |
| EXCAVACIONES OVIDIO | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,60 | 9,00 | 8,27 | 33,19 | **82,06** |
| CONSTRUCCIONES BOQUEIXON | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,45 | 9,00 | 8,27 | 26,26 | **79,98** |
| EULOGIO VIÑAL | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,50 | 9,00 | 10,00 | 27,76 | **78,26** |
| FERMIN SIMAL | 6,00 | 5,00 | 7,00 | 7,00 | 0,05 | 1,50 | 9,42 | 40,00 | **75,97** |
| VIAQUA | 9,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,40 | 9,00 | 6,91 | 22,24 | **70,55** |
| CANALIS | 9,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,35 | 9,00 | 7,38 | 26,97 | **67,70** |
| CONCIFA | 6,00 | 4,00 | 7,00 | 10,00 | 0,10 | 3,00 | 7,62 | 16,86 | **54,58** |
| LEMOS MARTINEZ | 7,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,30 | 3,00 | 8,99 | 19,10 | **53,39** |
| LOYLESA | --- | --- | --- | --- | --- | --- | 7,38 | 29,30 | **36,68** |

3 Requirir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 5 días hábiles, a documentación que se sinala na cláusula 16.2 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación das obras, na que se inclúe a presentación do correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE

Boqueixón, 8 de setembro de 2016.

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

175

Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**

**Resolución da alcaldía**

**Adxudicación do contrato do Servizo de actividades físicas e deportivas no Concello de Boqueixón**

Na Xunta de Goberno do día 4 de agosto, iniciouse a contratación por procedemento negociado sin publicidade e por urxencia, do servizo de actividades físicas e deportivas no Concello de Boqueixón.

Invitouse a participar a 5 empresas especialistas no sector e concedeuse un prazo de 10 días naturais para que presentaran as súas propostas. Tamén se publicitou no perfil do contratista da páxina web.

No prazo establecido para o efecto presentáronse ó concurso dúas empresas: CPM Eventos e Acofide 2000 Xestión SL, segundo consta no informe da responsable de contratación.

Por resolución da alcaldía ditada o día 31 de agosto, resólvese dar traslado da documentación presentada no concurso ó órgano negociador para que inicie o proceso de negociación e así mesmo fanse constar as puntuacións acadadas por cada empresa e que a continuación se transcriben:

| Empresa | Proxecto técnico | Melloras | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|
| CPM Eventos | 35 | 9 | 49.70 | 93.7 |
| Acofide 2000 Xestión, SL | 30 | 6 | 50 | 86 |

Con data 2 de setembro e ante a urxencia da adxudicación, reúnese o órgano negociador cos membros das dúas empresas: CPM Eventos e Acofide 2000 Xestión,SL e realízase a negociación reflectida na acta asinada para o efecto.

O órgano de negociación, á vista de que as dúas empresas se ratifican nas ofertas presentadas inicialmente, propón a adxudicación do contrato á empresa CPM Eventos por un importe anual de 16.500 euros ( Ive excluído)

Por resolución da alcaldía ditada o día 2 de setembro, clasifícanse as ofertas presentadas no concurso, obtendo o seguinte resultado:

| Empresa | Proxecto técnico | Melloras | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|
| CPM Eventos | 35 | 9 | 49.70 | 93.7 |
| Acofide 2000 Xestión, SL | 30 | 6 | 50 | 86 |

O mesmo día, envíase á empresa CPM Eventos, un escrito requiríndolle que presentasen a documentación establecida na cláusula 11 do prego coa finalidade de adxudicar o contrato. O día 7 de setembro a empresa presenta o aval e o resto da documentación solicitada polo que, Resolvo:

1. Adxudicar o contrato do servizo de actividades físicas e deportivas á empresa CPM Eventos polo prezo de 19.965,00 euros/ano ( IVE incluído) e polo período dun ano podendo prorrogarse o contrato por dúas anualidades máis.

2. Comunicar á empresa que se formalizará o contrato non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que reciban a notificación os licitadores.

3. Notificar esta resolución a tódolos licitadores e publicala na páxina web.

Boqueixón, 8 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## DECRETO

Por Decreto da alcaldía de data 19 de agosto deste ano, resolveuse considerar definitivamente aprobada a modificación presupostaria número 1/ 2016, aprobada en sesión plenaria celebrada o 13 de xullo de 2016.

Por erro , en dita resolución reflectíase na modificación presupostaria, a realizada con cargo ao superávit, sen ter en conta que, así mesmo, no pleno aprobouse a modificación con cargo ao PAI 2016 por importe de 190,085,67 €, con destino á concelación do préstamo bancario daquela existente con Abanca.

Por este motivo, detectado este erro procede modificar o citado decreto do 19 de agosto e en consecuencia e tendo en conta que o Pleno da corporación na sesión plenaria que tivo lugar o 13 de xullo do 2016 acordou modificar o Presuposto Xeral Municipal 2016 co fin de destinar, por un lado o importe de **126.669,99 € do superávit** do ano 2015 (cuxa contía ascende a 491.400,83 €), e por outro o importe de **190.085,67 € do PAI** da deputación provincial ás seguintes partidas do presuposto 2016:

a) con cargo ó PAI ( 190.085,67 €)

| Estado ingresos | | | Estado gastos | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Cap.** | **Denominación** | **Importe** | **Cap.** | **Denominación** | **Importe** |
| 9 | Pasivos financeiros | **190.085,67 €** | 9 | Pasivos financeiros | **190.085,67 €** |

b) con cargo ó superávit (491.400,83 €)

| Estado gastos | | |
|---|---|---|
| **Cap.** | **Denominación** | **Importe** |
| 9 | Pasivos financeiros | **108.010,26 €** |
| 6 | Conexión colectores de saneamento á rede xeral | **18.659,73 €** |

O referido acordo foi publicado no BOP número 137, do 20 de xullo do 2016, durante 15 días hábiles, non presentándose reclamacións. A publicación definitiva da modificación presupostaria tivo lugar no BOP número 155 de 17 de agosto do 2016.

RESOLVO:

1. Considerar definitivamente aprobada a modificación presupostaria número 1 correspondente ó exercicio presupostario 2016.

2. Proceder a dar conta do decreto ó departamento de Tesourería-Intervención ós efectos oportunos.

Boqueixón, 9 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato.

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Resolución de autorización de tirada de fogos de artificio**

O día 13 de setembro con rexistro de entrada núm. 16/1966 don Juan Manuel , pirotécnico de Vedra, con dni presenta unha solicitude para que se lle conceda autorización para a tirada de fogos de artificio na parroquia de Vigo os días 17 e 18 de setembro.

Resolvo

1. Autorizar previamente o disparo de fogos de artificio eses días, adaptándose ao disposto no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural, á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais ( DOG núm. 125 do 30 de xuño de 2006) e á Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74 do 17 de abril de 2007) e á Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galicia ( DOG. núm. 140 do 23.07.2012)
2. A autorización quedará sen efecto cando o nivel de alerta en materia de incendios forestais impida a realización desta actividade.
3. Que por parte da Pirotecnia se adopten as medidas oportunas de sinalización, seguridade e prevención aprobadas, co obxecto de que ningún poida resultar prexudicado e para evitar posibles incidentes.
4. Esta autorización non eximirá, en ningún caso, das responsabilidades por danos e perdas a que houber lugar no caso que concorra neglixencia ou imprudencia.
5. Trasladar esta resolución ao Servizo Provincial de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e á Garda Civil de Santiago.

Boqueixón, 13 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

RESOLUCIÓN

Con data 13 de setembro de 2016, rexistro de entrada número 16/1964, dona María Luísa con NIF veciña do Concello de Boqueixón, con domicilio no lugar de Castenda, nº 8, da parroquia de Vigo do concello de Boqueixón, en calidade de representante da Comisión de Festas de Santa Eulalia de Vigo.

Xunto coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Seguro de Responsabilidade Civil
- Documentación acreditativa do estado de idoneidade dos escenarios móbiles
- Memoria da actividade

Á vista do que e tendo en conta o artigo 42.1 b) da Lei 9/2013 de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, así como a circular da Dirección Xeral da Administración Local de data 11 de xuño de 2014 (rexistro 13 xuño 2014) en relación as autorizacións municipais para verbenas e festas populares en Galicia,

RESOLVO:

1º Conceder ao representante da Comisión de Festas de Santa Eulalia de Vigo licenza para a realización de verbenas e bailes en Vigo coas seguintes:

**Día 17 de setembro de 2016**

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre consistente en sesión vermú e baile pola noite a cargo da Orquestra Terranova e Dúo Fantasía.
Características do escenario da Orquestra Terranova: Tractocamión de 14 mts. de longo, 4 mts. de alto e 2 mts. e medio de fondo.
A previsión de asistencia de público estimase en torno ás 300 persoas
O horario será de 13:00 a 15:30 horas e de 22:00 a 4:00 horas.

**Día 18 de setembro de 2016**

Tipo de espectáculo: Verbena ao aire libre consistente en sesión vermú a cargo da Banda de Música Unión Musical Ponteledesma.
A previsión de asistencia de público estímase en torno ás 300 persoas
O horario será de 13:00 a 16:00.

2° A licenza concédese condicionada a:

- Que en todo momento se manteña o acceso á propiedade e se permita o paso de vehículos de urxencia.
- Que ao finalizar os actos, as vías queden libres, tendo que responder os titulares desta licenza dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado.

3° Notificar esta resolucións aos interesados.

Boqueixón, 13 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**
**Expediente:** Conexión dos colectores de sanemento do polígono industrial de Sergude á rede xeral
**Forma/ Proc**: Negociado sen publicidade - Urxente

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Adxudicación do contrato da obra "Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral**

Na Xunta de Goberno realizada o día 7 de xullo de 2016, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra financiada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria: "Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral" por importe de 93.298,64 euros

Na Xunta de Goberno do día 21 de xullo, ábrense os sobres B e C das propostas presentadas polas seguintes empresas:

- Oviga, S L
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA
- Canalis Soluciones Tecnológicas, SL
- Fermin Simal, SL
- Excavaciones Ovidio,SL
- Construcciones Concifa, SL
- Espina y Delfin, Obras Hidráulicas
- López y Leis, SA
- Cosntrucciones Lemos Martínez
- Viaqua, SAU
- Construcciones Boqueixón

Dos sobres C transcríbense as ofertas presentadas polas empresas licitadoras obtendo os seguintes datos :

| Código | Oferta IVE incluído |
|---|---|
| 1-CM | 77.437,87 € |
| 2-FE | 92.000,00 € |
| 11-B | 73.205,00 € |
| 8-VU | 79.303,84 € |
| 5-YL | 68.919,70 € |
| 7-GA | 93.000,00 € |
| 3-GL | 76.169,00 € |
| 4-CL | 83.968,77€ |
| 9-CA | 88.633,71€ |
| 6-IL | 88.633,70€ |
| 10-VO | 83.968,78€ |

Despois de ser valoradas as referencias técnicas presentadas polas empresas participantes, polo enxeñeiro de camiños e membro do órgano negociador don Julio C. Rojo Martínez, obtéñense as seguintes puntuacións totais:

| Contratista | Programa Traballo | Programa Actuación Ambiental | Plan control de calidade | Plan de seguridade e saúde | Porcentaxe control de calidade | | Redución de prazos | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| 1-CM | 7.00 | 4.00 | 4.00 | 7.00 | 0.30 | 3.00 | 10.00 | 28.32 | 63.62 |
| 2- FE | 6.00 | 5.00 | 7.00 | 7.00 | 0.05 | 1.50 | 6.44 | 2.56 | 35.55 |
| 11-B | 13.00 | 6.00 | 7.00 | 10.00 | 0.45 | 9.00 | 1.00 | 34.12 | 80.57 |
| 8-VU | 9.00 | 6.00 | 7.00 | 10.00 | 0.40 | 9.00 | 8.21 | 25.76 | 75.37 |
| 5-YL | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 8.98 | 40.00 | 48.98 |
| 7-GA | 13.00 | 6.00 | 7.00 | 10.00 | 1.00 | 9.00 | 9.74 | 0.59 | 56.33 |
| 3-GL | 9.00 | 5.00 | 7.00 | 10.00 | 0.50 | 9.00 | 9.74 | 30.06 | 80.3 |
| 4-CL | 9.00 | 4.00 | 4.00 | 7.00 | 0.35 | 9.00 | 8.98 | 18.36 | 60.69 |
| 9-CA | 6.00 | 4.00 | 7.00 | 10.00 | 0.10 | 3.00 | 8.21 | 9.18 | 47.49 |
| 6-IL | 13.00 | 5.00 | 7.00 | 10.00 | 0.30 | 7.50 | 6.98 | 9.18 | 58.96 |
| 10-VO | 9.00 | 5.00 | 7.00 | 10.00 | 0.60 | 9.00 | 8.21 | 18.36 | 67.17 |

Os códigos alfanuméricos utilizados para a negociación corresponden ás seguintes empresas:

1- CM : Lemos Martínez
2-FE: Fermín Simal
11-B: Construcciones Boqueixón
8-VU: Viaqua
5-YL: Construcciones Loylesa
7-GA: Oviga, SL
3-GL: Eulogio Viñal
4-CL: Canalis
9-CA: Concifa
6-IL: Espina y Delfin, SL
10-VO: Excavaciones Ovidio

A partires deste momento, e segundo acta do órgano negociador de data 7 de setembro de 2016, iníciase a segunda fase da negociación comunicando ás empresas os datos obtidos na primeira fase do concurso, para que se o desexan poidan mellorar a súa proposta inicial, ou ben ratificarse. Os criterios a negociar son: a oferta económica e o prazo de execución da obra.

Neste caso concreto, a oferta económica máis baixa foi presentada por Construccıones Boqueixón (11-B) por importe de 73.205,00 euros e a empresa que presentou maior redución de prazo foi C. Lemos Martínez (1-CM) que puxo 25 días.

No período establecido para o efecto as empresas presentan as seguintes propostas:

| Empresa | Oferta económica | Redución de prazos |
|---|---|---|
| Canalis | 70.906,97 euros | ---- |
| Eulogio Viñal | 70.253,87 euros | Prazo de execución: 18 días naturais |
| Viaqua | 74.834,85 euros | Prazo de execución: 55 días |
| Construcciones Loylesa | 68.919,70 euros | Prazo de execución 45 días |
| Espina y Delfin | 66.708,52 euros | Prazo de execución: 21 días |
| Excavaciones Ovidio | 65.309,05 euros | Prazo execución: 1 mes |
| Construcciones Boqueixón | 71.500,00 euros | Prazo de execución: 30 días |
| Oviga, SL | 59.820,00 euros | Prazo de execución: 20 días naturais |
| Construcciones Lemos Martínez, SL | Ratifícanse na oferta presentada<br><br>77.437,87 euros | Prazo de execución: 25 días |

| | | |
|---|---|---|
| Fermín Simal, SL | 58.999,60 euros | Prazo execución: 22 días naturais |
| Concifa, SL | 79.303,85 euros | Prazo execución: 40 días naturais |

Con estes datos, e xa na terceira fase do procedemento, o órgano negociador valora as propostas e advirte que as empresas Oviga, SL e Fermín SL presentan ofertas con valores anormais ou desproporcionados, polo que son informadas desta circunstancia e requiridas para que no prazo de 5 días xustifiquen as súas ofertas.

No prazo establecido para o efecto, ambas empresas presentan a documentación que se establecía no prego e o técnico municipal e membro do órgano negociador, don Julio C. Rojo Martínez, informa que non se observan incoherencias nos datos proporcionados e que se considera documentación suficiente para xustificar as ofertas presentadas polo que, non se aprecia a posible desproporcionalidade ou anormalidade nas ofertas presentadas.

Polo tanto, á vista do informado polo técnico, admítense tódalas propostas achegadas polas empresas.

Na resolución da alcaldía do día 8 de setembro, o órgano de contratación, á vista da acta presentada polo órgano negociador, clasifica as propostas obtidas no proceso e que a continuación se reflicten:

| CONTRATISTAS | A) PROGRAMA TRABAJO | B) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL | C) PLAN CONTROL CALIDAD | D) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD | E) PORCENTAJE CONTROL CALIDAD | | F) REDUCION PRAZO EXECUCION | G) OFERTA ECONOMICA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| OVIGA | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 1,00 | 9,00 | 9,71 | 39,11 | **94,82** |
| ESPINA Y DELFIN | 13,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,30 | 7,50 | 9,57 | 31,68 | **84,05** |
| EXCAVACIONES OVIDIO | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,60 | 9,00 | 8,27 | 33,19 | **82,06** |
| CONSTRUCCIONES BOQUEIXON | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,45 | 9,00 | 8,27 | 26,26 | **79,98** |
| EULOGIO VIÑAL | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,50 | 9,00 | 10,00 | 27,76 | **78,26** |
| FERMIN SIMAL | 6,00 | 5,00 | 7,00 | 7,00 | 0,05 | 1,50 | 9,42 | 40,00 | **75,97** |
| VIAQUA | 9,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,40 | 9,00 | 6,91 | 22,24 | **70,55** |
| CANALIS | 9,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,35 | 9,00 | 7,38 | 26,97 | **67,70** |
| CONCIFA | 6,00 | 4,00 | 7,00 | 10,00 | 0,10 | 3,00 | 7,62 | 16,86 | **54,58** |
| LEMOS MARTINEZ | 7,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,30 | 3,00 | 8,99 | 19,10 | **53,39** |
| LOYLESA | --- | --- | --- | --- | --- | --- | 7,38 | 29,30 | **36,68** |

Nesta mesma resolución, acórdase requirirlle á empresa con maior puntuación que achegue a documentación sinalada na cláusula 16.2 do prego, no prazo máximo de 5 días hábiles.

Con data 8 de setembro envíase o requirimento á empresa Oviga, SL e con data 12 de setembro presenta correctamente a documentación solicitada.

Polo tanto, e tendo que adxudicar o contrato en 3 días hábiles, Resolvo:

1. Adxudicar o contrato da obra denominada, "Conexión dos colectores de sanemento do polígono industrial de Sergude á rede xeral" á empresa Oviga,SL por importe de 59.820,00 euros. A obra será executada no prazo de 20 días naturais.

3. Designar como técnico- director da obra ó redactor do proxecto Julio C. Rojo Martínez

4. Formalizar o contrato non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que reciban a notificación os licitadores.

5. Notificar esta resolución a tódolos licitadores e publicala na páxina web.

Boqueixón, 15 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**
**Expediente:** Conexión dos colectores de sanemento do polígono industrial de Sergude á rede xeral
**Forma/ Proc:** Negociado sen publicidade – Urxente

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Correción de erros na contratación da obra "Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral" retrotraendo a contratación ó inicio da fase de negociación.**

1- Na Xunta de Goberno do día 21 de xullo, abríronse os sobres B e C das empresas que se transcribiron no propio acordo e que figuran na acta da sesión e que son as seguintes:

- Oviga, S L
- Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA
- Canalis Soluciones Tecnológicas, SL
- Fermin Simal, SL
- Excavaciones Ovidio,SL
- Construcciones Concifa, SL
- Espina y Delfin, Obras Hidráulicas
- López y Leis, SA
- Cosntrucciones Lemos Martínez
- Viaqua, SAU
- Construcciones Boqueixón

2- Por resolución da alcaldía de data 8 de setembro de 2016, previa negociación iniciada o día 12 de agosto, resolveuse clasificar as propostas obtidas das negociacións correspondentes ás empresas anteriormente citadas e, requirir ó licitador con maior puntuación ( OVIGA,SL ) para que presentase a correspondente documentación, así como o aval polo importe do 5% do importe ofertado.

3- Con data 16 de setembro, o Servizo de Contratación que nese momento está co arquivo e clasificación da documentación correspondente ó proceso, advirte que hai unha proposición que presentou a empresa COPCISA,SA que non foi aberta, non obstante atópase debidamente selada e presentada no prazo establecido para o efecto. Polo tanto, e para que este incidente non produza un trato desigual á empresa afectada, procédese coa apertura da oferta, e vaise a enviar a documentación ó órgano negociador tendo en conta que xa se negociou coas demais empresas e xa se propuxo á empresa Oviga, SL como a máis vantaxosa.

É dicir, retrotraeranse as accións ata a fase da negociación para que a empresa COPCISA,SA teña as mesmas posibilidades que o resto das empresas participantes.

Examínase a documentación presentada no sobre A e está correcta. O sobre B de Referencias Técnicas é supervisado e posteriormente entregado ó técnico municipal e membro do órgano negociador para que este realice as valoracións oportunas. No sobre C da proposición económica a empresa presenta unha oferta de 93.177,34 euros.

A partires deste momento será o órgano negociador o que se porá en contacto coa empresa COPCISA,SA.

Polo tanto, Resolvo:

1. Retrotraer as accións da contratación desta obra á fase de negociación coa finalidade de que a empresa COPCISA,SA participe con igualdade de condicións no procedemento de contratación da mesma.

2. Comunicar ó órgano negociador que inicie o proceso de negociación coa dita empresa

3. Comunicar ó Servizo de Contratación que realice as accións que estime oportunas para solucionar este incidente.

Boqueixón, 15 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

**Resolución de alcaldía**

O servizo de Arquivo e Biblioteca de Boqueixón, coa finalidade de fomentar a creatividade e dar a coñecer ao público en xeral a diversidade e riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do concello convoca a 4ª edición do Concurso de Fotografía "***Paisaxes de Boqueixón***",

**Por todo isto, Resolvo**

1) Aprobar as seguintes BASES para este concurso

Bases:

1. Participantes e número de fotografías
   Poderá participar no concurso toda persoa física que o desexe e cumpra as presentes bases. Cada participante poderá presentar ata un máximo de tres fotografías.
2. Temática
   As fotografías versarán sobre aspectos que reflicten a riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do noso concello, debendo estar tomadas, polo tanto, dentro do territorio do concello de Boqueixón.
3. Premios
   Entre as fotografías presentadas seleccionaranse doce, e destas, elixiranse as tres gañadoras do concurso. Os premios entregaranse en forma de vale a empregar en calquera establecemento de Boqueixón:

   **Primeiro premio: VALE DE 200 €**

   **Segundo premio: VALE DE 100 €**

   **Terceiro premio: VALE DE 50 €**

   As doce fotografías seleccionadas pasarán a ser propiedade do concello de Boqueixón, que se reservará todos os dereitos para o seu emprego, reprodución, e difusión, facendo mención da súa autoría. Estas obras serán publicadas no **calendario do 2017** que edita o concello.
4. Inscrición e participación
   1. A inscrición será online en www.boqueixon.com: cada participante deberá cumprimentar e asinar a **folla de inscrición** e enviar as fotografías en formato **.JPG** nun arquivo que leve o nome do título da fotografía, cunha resolución mínima de 2000x1500 px.
   2. O autor/-a das fotografías asume calquera responsabilidade derivada da aparición de persoas recoñecibles na mesma.

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

3. O prazo de presentación dos traballos remata o **9 de novembro de 2016**.
4. A organización presupón que os/-as participantes que inscriben as obras presentadas posúen os dereitos das mesmas. En calquera caso, a organización exímese de calquera responsabilidade derivada da infracción desta base.
5. Todas as fotografías que tomen parte neste concurso serán susceptibles de ser empregadas na promoción turística do concello de Boqueixón e pasarán a formar parte do seu arquivo fotográfico.

5. Xurado, fallo e entrega de premios

Un xurado determinado polo concello de Boqueixón revisará as fotografías e fará público o seu fallo o día **16 de novembro**, a través do taboleiro de anuncios do concello, en www.boqueixon.com e individualmente aos doce autores/-as seleccionados e aos tres premiados/-as. Este fallo será inapelable.

Os premios recolleranse na casa do concello na última semana do mes de novembro.

6. Aceptación das bases

A organización reservase a facultade de resolver calquera continxencia non prevista nas bases. A concorrencia a este concurso implica a aceptación das presentes bases.

Máis información no Servizo de Arquivo e Biblioteca de Boqueixón

(Teléfono: 981.513.061)

2) Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste concurso.

Boqueixón, 19 de setembro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A CORUÑA)

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

# INSCRICIÓN IV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA "Paisaxes de Boqueixón"

- NOME E APELIDOS: ..........................................................................................................
- DNI: ..................................................................................................................................
- ENDEREZO: ......................................................................................................................
- LOCALIDADE: ...................................................................................................................
- TELÉFONO: .......................................................................................................................
- CORREO ELECTRÓNICO: ..................................................................................................

*** FOTOGRAFÍA Nº 1**

- TÍTULO: .............................................................................................................................
- UBICACIÓN XEOGRÁFICA: ..................................................................................................

*** FOTOGRAFÍA Nº 2**

- TÍTULO: .............................................................................................................................
- UBICACIÓN XEOGRÁFICA: ..................................................................................................

*** FOTOGRAFÍA Nº 3**

- TÍTULO: .............................................................................................................................
- UBICACIÓN XEOGRÁFICA: ..................................................................................................

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30'52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

# DECRETO

Visto o informe de data 5 de setembro, polo que os operarios que a continuación se relacionan, fixeron horas extraordinarias para cubrir as necesidades que puntualmente xurdiron, e polo que se lles aboan as seguintes cantidades:

| | |
|---|---|
| Rafael Neira Varela | 465,27 € |
| José Antonio Castro Martínez | 525,17 € |
| José Antonio Oliveira García | 687,75€ |
| Carlos Torres Gil | 397,89 € |
| José Manuel Barrio Pérez | 1.120,00 € |

Por todo isto, corresponde:

1.- Aboar aos operarios que a continuación se relacionan o seguinte importe en concepto de pago polos horas extraordinarias desenrolados durante os meses de xaneiro a xullo de 2016 :

| | |
|---|---|
| Rafael Neira Varela | 465,27 € |
| José Antonio Castro Martínez | 525,17 € |
| José Antonio Oliveira García | 687,75 € |
| Carlos Torres Gil | 397,89 € |
| José Manuel Barrio Pérez | 1.120,00 € |

2.- Dar conta desta resolución ó correspondente servicio para a súa aplicación.

Boqueixón, 22 de setembro de 2016

O Alcalde

Asdo.: Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

## Resolución da alcaldía

### Aprobación de xeracións de crédito

Visto o informe emitido pola secretaria –interventora con relación á ampliación de crédito, polo importe que se indica, resolvo aprobar as seguintes xeracións de crédito:

| Partida | | Importe | Xustificación |
|---|---|---|---|
| 334 | 226.99 | 7.449,99 euros | Realización proxecto campo de traballo "O Pico Sacro" Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado |
| 241 | 226.98 | 5.700,00 euros | Programa Deseñando o teu futuro 2016 Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado |
| 432 | 226.09 | 2.170,00 euros | Encontro Dragal 2016 RAMSA |
| 334 | 226.09 | 7.394,25 euros | Programa Rede Cultural 2016 Deputación da Coruña |
| 414 | 623.00 | 15.600,29 euros | Adquisición dunha desbrozadora- Proxecto medio ambiental 2016 Dirección Xeral de Administración Local |
| 163 | 130.00 | 10.882,96 euros | Gastos de funcionamento ( salarios) - Proxecto medio ambiental 2016 - Dirección Xeral de Administración Local |
| 163 | 160.00 | 4.486,38 euros | Gastos de funcionamento ( seguridade social) - Proxecto medio ambiental 2016 Dirección Xeral de Administración Local |
| 231 | 226.06 | 4.298,34 euros | Políticas de Igualdade ano 2016 Deputación da Coruña |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 231 | 480.00 | 7.497,06 euros | Programa básico de inserción social Deputación da Coruña |
| 334 | 226.09 | 1.318,00 euros | Programación Cultural no Camiño AGADIC (Axencia Galega das industrias culturais) |
| 933 | 212.00 | 1.070,85 euros | Investimentos culturais 2016 ( Reparacións varias Casa de Cultura) Deputación da Coruña |
| 933 | 625.00 | 3.320,84 euros | Investimentos culturais 2016 ( Adquisición estores e compra micrófonos) Deputación da Coruña |
| 153.2 | 143.00 | 19.629,60 euros | Programa integración laboral de Boqueixón - Salarios Deputación da Coruña |
| 153.2 | 160.00 | 6.591,84 euros | Programa integración laboral de Boqueixón - Seguridade Social Deputación da Coruña |
| 153.2 | 226.06 | 240,00 euros | Programa integración laboral de Boqueixon - Curso persoal Deputación da Coruña |
| 153.2 | 221.04 | 320,07 euros | Programa integración laboral de Boqueixón - Vestiario Deputación da Coruña |
| 170 | 143.00 | 20.288,87 euros | Brigada contra incendios - salarios ( 1 cuadrilla) Xunta de Galicia |
| 170 | 160.00 | 6.868,89 euros | Brigada contra incendios - custo seguridade social Xunta de Galicia |
| 170 | 143.00 | 747,50 euros | Convenio motobomba - ( diferenza entre o consignado e o concedido) Xunta de Galicia |
| 341 | 226.09 | 491,12 euros | Subvención actividades deportivas 2016 ( diferenza entre o consignado e o concedido) Deputación da Coruña |

Boqueixón, 23 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**
**Expediente:** Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral
**Forma/ Proc:** Negociado sen publicidade – Urxente

# RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Clasificación das ofertas presentadas para a realización da obra "Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral" e adxudicación da obra**

Con motivo da resolución da alcaldía ditada o día 15 de setembro de 2016, onde se resolvía retrotraer as accións da contratación desta obra, o Servizo de Contratación comunica ó órgano de negociación que realice as acción oportunas para tramitar o expediente de negociación coa empresa COPCISA,SA

O órgano de negociación, con data 26 de setembro, emite a correspondente acta na que se reflicte o proceso e que a continuación se transcribe literalmente:

## ACTA DA NEGOCIACIÓN DA OBRA DOS COLECTORES REALIZADA COA EMPRESA COPCISA, SA.

**Obra: Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral**
**Importe: 93.298,64 euros**

D. Julio C. Rojo Martinez
Dª Adela Lamela Arteaga
D. Juan M. Corral Sánchez

Os membros do órgano negociador reúnense co obxecto de propoñer a adxudicación da obra dos colectores arriba referida, despois de realizar o proceso de negociación que a continuación se detalla:

Na resolución da alcaldía ditada o día 15 de setembro resolveuse retrotraer as accións da contratación da obra arriba referida para dar posibilidade de negociación á empresa COPCISA, SA.

Por isto, con data 21 de setembro remítense á COPCISA,SA os resultados obtidos de todo o procedemento de negociación que se atopa recollida na anterior acta, cunha diferenza, non se envían códigos alfanuméricos, posto que xa se tiña proposto unha empresa adxudicataria.

Envíanse as puntuación anteriores ó proceso de negociación e que foron as seguintes:

| Contratista | Programa Traballo | Programa Actuación Ambiental | Plan control de calidade | Plan de seguridade e saude | Porcentaxe control de calidade | | Redución de prazos | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| Lemos Martín ez | 7.00 | 4.00 | 4.00 | 7.00 | 0.30 | 3.00 | 10.00 | 28.32 | 63.62 |
| Fermín Simal | 6.00 | 5.00 | 7.00 | 7.00 | 0.05 | 1.50 | 6.44 | 2.56 | 35.55 |
| Construccion es Boqueixón | 13.00 | 6.00 | 7.00 | 10.00 | 0.45 | 9.00 | 1.00 | 34.12 | 80.57 |
| Viaqua | 9.00 | 6.00 | 7.00 | 10.00 | 0.40 | 9.00 | 8.21 | 25.76 | 75.37 |
| C. Loylesa | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 8.98 | 40.00 | 48.98 |
| Oviga, SL | 13.00 | 6.00 | 7.00 | 10.00 | 1.00 | 9.00 | 9.74 | 0.59 | 56.33 |
| Eulogio Viñal | 9.00 | 5.00 | 7.00 | 10.00 | 0.50 | 9.00 | 9.74 | 30.06 | 80.3 |
| Canalis | 9.00 | 4.00 | 4.00 | 7.00 | 0.35 | 9.00 | 8.98 | 18.36 | 60.69 |
| Concifa | 6.00 | 4.00 | 7.00 | 10.00 | 0.10 | 3.00 | 8.21 | 9.18 | 47.49 |
| Espina y | 13.00 | 5.00 | 7.00 | 10.00 | 0.30 | 7.50 | 6.98 | 9.18 | 58.96 |
| Excavacion es Ovidio | 9.00 | 5.00 | 7.00 | 10.00 | 0.60 | 9.00 | 8.21 | 18.36 | 67.17 |

Tamén se lle envían as propostas que as empresas presentaron:

| Empresa | Oferta económica | Redución de prazos |
|---|---|---|
| Canalis | 70.906,97 euros | ---- |
| Eulogio Viñal | 70.253,87 euros | Prazo de execución: 18 días naturais |

| | | |
|---|---|---|
| Viaqua | 74.834,85 euros | Prazo de execución: 55 días |
| Construcciones Loylesa | 68.919,70 euros | Prazo de execución: 45 días |
| Espina y Delfin | 66.708,52 euros | Prazo de execución: 21 días |
| Excavaciones Ovidio | 65.309,05 euros | Prazo execución: 1 mes |
| Construcciones Boqueixón | 71.500,00 euros | Prazo de execución: 30 días |
| Oviga, SL | 59.820,00 euros | Prazo de execución: 20 días naturais |
| Construcciones Lemos Martínez, SL | Ratifícanse na oferta presentada<br>77.437,87 euros | Prazo de execución: 25 días |
| Fermín Simal, SL | 58.999,60 euros | Prazo execución: 22 días naturais |
| Concifa, SL | 79.303,85 euros | Prazo execución: 40 días naturais |

E por último transcríbense as puntuacións totais tendo en conta o proceso de negociación:

| CONTRATISTAS | A) PROGRAMA TRABAJO | B) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL | C) PLAN CONTROL CALIDAD | D) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD | E) PORCENTAJE CONTROL CALIDAD | | F) REDUCION PRAZO EXECUCION | G) OFERTA ECONOMICA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| EXCAVACIONES OVIDIO | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,60 | 9,00 | 8,27 | 33,19 | **82,06** |
| CONSTRUCCIONES BOQUEIXON | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,45 | 9,00 | 8,27 | 26,26 | **79,98** |
| OVIGA | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 1,00 | 9,00 | 9,71 | 39,11 | **94,82** |
| CANALIS | 9,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,35 | 9,00 | 7,38 | 26,97 | **67,70** |
| CONCIFA | 6,00 | 4,00 | 7,00 | 10,00 | 0,10 | 3,00 | 7,62 | 16,86 | **54,58** |
| VIAQUA | 9,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,40 | 9,00 | 6,91 | 22,24 | **70,55** |
| LEMOS MARTINEZ | 7,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,30 | 3,00 | 8,99 | 19,10 | **53,39** |
| FERMIN SIMAL | 6,00 | 5,00 | 7,00 | 7,00 | 0,05 | 1,50 | 9,42 | 40,00 | **75,97** |
| EULOGIO VIÑAL | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,50 | 9,00 | 10,00 | 27,76 | **78,26** |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LOYLESA | --- | --- | --- | --- | --- | --- | 7,38 | 29,30 | **36,68** |
| ESPINA Y DELFIN | 13,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,30 | 7,50 | 9,57 | 31,68 | **84,05** |

Neste momento é cando se fai a valoración da proposta presentada pola empresa COPCISA,SA quedando así a puntuación total:

| Contratista | Programa Traballo | Programa Actuación Ambiental | Plan control de calidade | Plan de seguridade e saúde | Porcentaxe control de calidade | | Redución de prazos | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| Copcisa | 9.00 | 6.00 | 4.00 | 10.00 | 1.00 | 9.00 | 7.06 | 0.25 | 46.31 |

Comunícaselle que a empresa coa maior puntuación é Oviga, SL ( 94.82 puntos) que presentou unha oferta por importe de 59.820,00 euros e un prazo de execución de 20 días naturais.

Polo tanto concédense 48 horas para que a empresa, cos datos enviados por este órgano, negocie e presente unha segunda oferta ou se ratifique.

No prazo establecido a empresa presenta a seguinte proposta:

| Empresa | Oferta económica | Redución de prazos |
|---|---|---|
| Copcisa,SA | 65.523,63 | Prazo de execución: 17 días naturais |

Xa cos datos definitivos realízanse as valoracións finais e resultan as seguintes puntuacións:

| CONTRATISTAS | A) PROGRAMA TRABAJO | B) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL | C) PLAN CONTROL CALIDAD | D) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD | E) PORCENTAJE CONTROL CALIDAD | | F) REDUCION PRAZO EXECUCION | G) OFERTA ECONOMICA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| EXCAVACIONES OVIDIO | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,41 | 9,00 | 8,10 | 33,16 | **81,67** |
| CONSTRUCCIONES BOQUEIXON | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,30 | 9,00 | 8,10 | 26,17 | **79,57** |
| OVIGA | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,68 | 9,00 | 9,56 | 39,11 | **94,35** |
| CANALIS | 9,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,24 | 9,00 | 7,33 | 26,88 | **67,45** |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CONCIFA | 6,00 | 4,00 | 7,00 | 10,00 | 0,07 | 3,00 | 7,56 | 16,80 | **54,43** |
| VIAQUA | 9,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,27 | 9,00 | 6,86 | 22,17 | **70,30** |
| LEMOS MARTINEZ | 7,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,20 | 3,00 | 8,83 | 19,04 | **53,07** |
| FERMIN SIMAL | 6,00 | 5,00 | 7,00 | 7,00 | 0,03 | 1,50 | 9,27 | 40,00 | **75,80** |
| EULOGIO VIÑAL | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,34 | 9,00 | 9,85 | 27,67 | **77,86** |
| LOYLESA | --- | --- | --- | --- | --- | --- | 7,33 | 29,24 | **36,57** |
| ESPINA Y DELFIN | 13,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,20 | 7,50 | 9,41 | 31,64 | **83,75** |
| COPCISA | 9,00 | 6,00 | 4,00 | 10,00 | 1,00 | 9,00 | 10,00 | 32,93 | **81,93** |

Á vista dos datos obtidos na valoración realizada, o órgano negociador segue mantendo a proposta de adxudicación á empresa Oviga,SL por importe de 59.820,00 euros, tendo que executar a obra no prazo de 20 días naturais.

Boqueixón, 26 de setembro de 2016

Julio C. Rojo Martínez    Adela Lamela Arteaga    Juan M. Corral Sánchez

Tendo en conta a urxencia coa que se ten que certificar a obra, é preciso axilizar o proceso de contratación, polo que Resolvo:

1 Avocar a contratación da obra referida, por causas técnicas segundo se especifica no art. 14 da LRXPAC, tendo en conta a urxencia do procedemento

2 Clasificar, por orde decrecente, as propostas obtidas da negociación para a adxudicación da obra "Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral"

| CONTRATISTAS | A) PROGRAMA TRABAJO | B) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL | C) PLAN CONTROL CALIDAD | D) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD | E) PORCENTAJE CONTROL CALIDAD |  | F) REDUCION PRAZO EXECUCION | G) OFERTA ECONOMICA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| OVIGA | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,68 | 9,00 | 9,56 | 39,11 | **94,35** |
| ESPINA Y DELFIN | 13,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,20 | 7,50 | 9,41 | 31,64 | **83,75** |
| COPCISA | 9,00 | 6,00 | 4,00 | 10,00 | 1,00 | 9,00 | 10,00 | 32,93 | **81,93** |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EXCAVACIONES OVIDIO | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,41 | 9,00 | 8,10 | 33,16 | **81,67** |
| CONSTRUCCIONES BOQUEIXON | 13,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,30 | 9,00 | 8,10 | 26,17 | **79,57** |
| EULOGIO VIÑAL | 9,00 | 5,00 | 7,00 | 10,00 | 0,34 | 9,00 | 9,85 | 27,67 | **77,86** |
| FERMIN SIMAL | 6,00 | 5,00 | 7,00 | 7,00 | 0,03 | 1,50 | 9,27 | 40,00 | **75,80** |
| VIAQUA | 9,00 | 6,00 | 7,00 | 10,00 | 0,27 | 9,00 | 6,86 | 22,17 | **70,30** |
| CANALIS | 9,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,24 | 9,00 | 7,33 | 26,88 | **67,45** |
| CONCIFA | 6,00 | 4,00 | 7,00 | 10,00 | 0,07 | 3,00 | 7,56 | 16,80 | **54,43** |
| LEMOS MARTINEZ | 7,00 | 4,00 | 4,00 | 7,00 | 0,20 | 3,00 | 8,83 | 19,04 | **53,07** |
| LOYLESA | --- | --- | --- | --- | --- | --- | 7,33 | 29,24 | **36,57** |

3 Á vista dos resultados obtidos na clasificación, e vendo que non existe variación na proposta de adxudicación xa feita no seu momento, manterse no ditado e adxudicar a obra á empresa Oviga, SL por un importe de 59.820,00 euros que será executada no prazo de 20 días naturais.

4 Notificar á empresa Copcisa, SA esta resolución.

Boqueixón, 26 de setembro de 2016.

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

# DECRETO

**Antecedentes**

-Con data 13 de setembro 2016, rexistro entrada nº 1954, recíbese no concello unha solicitude presentada por don José Antonio en representación do "CIRCUS FRANCESCO" para instalar o citado circo no campo da festa de Boqueixón, así como para a colocación de publicidade por distintos puntos da cidade.

-Xunto con esta solicitude, presentan copia dun certificado dun veterinario de As Pontes, de data 2 de agosto 2016, declaración censal, seguro de responsabilidade civil, certificación de extintores e eléctrico e copia dun proxecto técnico de instalación.

-Non presenta a relación dos animais que estarían presentes na instalación o día 4 de outubro e polo tanto a súa identificación individual, especie e pasaporte, nin a correspondente **autorización da consellería** de medio ambiente.

**Fundamentos xurídicos**

1º.- O artigo 61.1 do Decreto 153/1998 de 2 de abril, polo que se desenvolve a lei 1/1993, de 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade, establece que para a "celebración de concursos, exposicións e calquera outro tipo de **certames ou eventos** coa concorrencia de animais domésticos ou salvaxes en catividade, será obrigatoria a autorización previa da consellería competente nesta materia, sen prexuízo de calquera outras autorizacións preceptivas."

2º.- O artigo 35 do regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, establece que os circos…., deberán reunir as condicións de seguridade, hixiene e comodidade necesarias para os espectadores ou usuarios e para os executantes do espectáculo ou actividade recreativa.

Os locais ou instalacións adaptaranse as normas e cumpriranse os requisitos e condicións que determinen as autoridades.

No artigo 48.1 establece que tamén será precisa a licenza da alcaldía para a entrada en funcionamento das instalacións eventuais e en xeral para pequenas diversións que se dean ao público.

3º.- O artigo 41 da lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, establece que "en atención á concorrencia de razóns de interese xeral derivados

da necesaria protección da seguridade e saúde pública, dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, do mantemento da orde pública, así como da adecuada conservación do ambiente e do patrimonio histórico artístico, será necesaria a obtención da licenza ou autorización para; entre outras: A celebración de espectáculos e actividades extraordinarios e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles. B a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa especifica esixa a concesión de autorización."

Tendo en conta, que esta actividade debe contar coa correspondente autorización municipal e tendo en conta, así mesmo, que o solicitante non achega coa solicitude a necesaria autorización da consellería de medio ambiente (Conservación da natureza), nin a relación dos animais e a súa identificación.

Por outro lado, tendo en conta a brevidade do tempo para a instalación do circo ( o próximo martes 4 de outubro ) , e que no concello non consta comunicación do interesado de que dita autorización autonómica está solicitada ou concedida e téndose que tramitar o correspondente procedemento para a concesión da licenza previa emisión do informe técnico.

Tendo en conta, por último o informe desfavorable de secretaría intervención por carecer o expediente de toda a documentación anteriormente citada para proceder coa autorización da instalación do circo, a cal é legalmente exixible tal como se indica nos fundamentos xurídicos, **RESOLVO :**

1. Denegar a don José Antonio , a autorización para a instalación co circo o día 4 de outubro no campo da festa de Boqueixón, por non terse presentada a correspondente autorización da consellería de medio ambiente
2. Denegarlle, así mesmo, a autorización para a colocación de publicidade por distintas puntos do concello de Boqueixón.

Boqueixon, 28 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**
Expediente: Plan Marco Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016
Obra: Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros
Importe: 50.020,00 euros

**RESOLUCIÓN**

**Aprobación da certificación da obra denominada Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros – Agader 2016**

O día 1 de setembro de 2016, foi asinado o contrato entre esta entidade e a empresa Oviga, SL para realizar a obra arriba mencionada. O importe de adxudicación foi de 50.020,00 euros e o prazo para a súa certificación e pagamento debe ser realizado antes do día 30 de setembro, data na que o AGADER fixou o prazo de entrega da documentación sinalada na correspondente orde.

O Agader financiará a obra na súa totalidade agás o IVE, do que se fará cargo o concello. Polo tanto, como a obra foi adxudicada polo importe de 50.020,00 euros, o concello deberá achegar a cantidade de 8.681,16 euros

O día 27 de setembro, a empresa entregou no rexistro municipal a certificación da obra e a acta de recepción. Debido a que se debe facer o abono da obra e se ten que enviar a documentación requirida polo AGADER antes do día 30 de setembro, Resolvo:

1 Aprobar a certificación núm. 1 e final da obra Camiño de Carabán a cruce de Lamas e outros, por importe de 50.020,00 euros. Asi mesmo, aprobar o pagamento da factura correspondente emitida polo mesmo concepto e importe.

2 Facer o pagamento da factura con cargo á axuda concedida polo AGADER

3 Enviar a documentación correspondente ó organismo anterior para que procedan co ingreso da axuda concedida

Boqueixón, 29 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

# DECRETO

**Rectificación do autoproxecto da obra de adecuación na escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón**

Na xunta de goberno do día 18 de agosto de 2016, acordouse, solicitar unha axuda para investimento e equipamento da escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón.

Con esta finalidade, na dita xunta de goberno acordouse aprobar A o anteproxecto de "obras de adecuación na escola infantil", por importe de 19.999,57 €, o cal incluía as seguintes actuacións: creación dun aseo, novo pintado das aulas, cambio de ventás da fachada e dotación de conexión a internet. B o anteproxecto de "dotación de equipamento" por importe de 11.980,80 €, no cal se inclúe a adquisición de material didáctico, equipamento de descanso e cociña.

Con data 29 de setembro 2016, rexistro entrada 2087 recíbese un escrito da Consellería de Política Social, solicitando, que se acredite:

- Que a obra supón un valor engadido para a infraestruturas e de que non se trata dunha mera substitución por uso ou deterioro.
- Que o mobiliario, o material didáctico, os electrodomésticos e os dispositivos TIC, non supoñen unha substitución por uso ou deterioro.

Con esta finalidade, elabóranse por un lado unha memoria xustificativa da dotación dos equipamentos polo mesmo importe de 11.980,80 €, na cal se acredite que non supón mera substitución por uso ou deterioro, así como o prezo unitario. Por outro, un novo anteproxecto de adecuación na escola infantil por importe de 16.473,11 € IVE incluído. A diferenza do prezo co anteriormente aprobado é debido a que se tivo que excluír o pintado dos paramentos.

Por todo o cal, e tendo en conta que o prazo concedido no requirimento é de 3 días, nos cales non está prevista a realización da xunta de goberno, **resolvo:**

1. Aprobar o novo anteproxecto da obra de adecuación na escola infantil municipal de Boqueixón por importe de 16.473,11 € IVE incluído.
2. Comunicar esta resolución a Consellería de Política Social, así como que todas as obras e equipamentos para as que se solicita subvención supoña un valor engadido para a infraestrutura e para a atención dos nenos/as

Boqueixón, 29 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es
WEB: www.boqueixon.com

**DECRETO**

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 22 de setembro do 2016 acordouse solicitar subvencion á Secretaría Xeral de Igualdade , respecto do programa de apoio ó CIM SI427B2016.

Advertido un erro no anexo IV.1, memoria descritiva do funcionamento do CIM, no nº de usuarias (artigo 8.3), posto que pon que o número de usuarias en situación de vulnerabilidade, con atención individualizada, atendidas no período subvencionable (01-04-2016 ao 31-03-2017) é de 34 e de usuarias con atención continuada é de 6, cando debe poñer que o número de usuarias, en situación de vulnerabilidade, con atención individualizada, atendidas no período subvencionable (01-04-2016 ao 31-03-2017) é de **40** e de usuarias con atención continuada é de 6, e tendo en conta que a vindeira Xunta de Goberno terá lugar o día 6 de outubro do 2016 e que o prazo de presentación de solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Igualdade , respecto do programa de apoio ó CIM SI427B remata o 5 de outubro do 2016

**RESOLVO:**

1. Avocar o coñecemento deste asunto.

2. Corrixir o erro existente no senso seguinte: Anexo IV.1
<u>5. Nº de usuarias (Artigo 8.3)</u>

| USUARIAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE | Nº de mulleres atendidas no período subvencionable<br>( do 01/04/2016 ao 31/03/2017) |
|---|---|
| Usuarias con atención individualizada | **40** |
| Usuarias con atención continuada | **6** |

3.- Dar traslado deste acordo á Secretaría Xeral de Igualdade

Boqueixón, 30 de setembro do 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Resolución da alcaldía**

## Aprobación de xeracións de crédito

Visto o informe emitido pola secretaria –interventora con relación á ampliación de crédito, polo importe que se indica, resolvo aprobar as seguintes xeracións de crédito:

| Partida | | Importe | Xustificación |
|---|---|---|---|
| 341 | 143.00 | 31,50 euros | Socorrista 2016 – Deputación da Coruña – ( diferenza entre o consignado ( 3.000 €) e o concedido (4.000 €) Importe : 1.000 euros |
| | 160.00 | 968,50 euros | |
| 432 | 143.00 | 2.470,86 euros | Gasto do Persoal do punto de información turístico – Deputación da Coruña – Importe total: 3.264,00 euros |
| | 160.00 | 793,14 euros | |
| 341 | 143.00 | 1.988,56 euros | Subvención socorrista ( Servizo de salvamento acuático) - Xunta de Galicia – Importe total: 2.666,66 euros |
| | 160.00 | 678,1 euros | |
| 920 | 224.00 | 1.774,60 euros | Aboamento sinistro vehículo contra mobiliario urbán - Seguro Allianz |
| 432 | 226.09 | 1.500 euros | Colaboración ABANCA, segundo convenio, promoción Festa da Filloa de Lestedo |

Boqueixón, 30 de setembro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato